"PROPOSTA DA ALCALDÍA DANDO CONTA DA DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 14/04/2016 E DO DECRETO DE DATA 31/03/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 40/2016 (X-16/01)

Visto o desestimento presentado pola recorrente FCC AQUALIA SA Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA, no recurso interposto contra o Concello de Cangas, que se estaba a seguir no Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra como Procedemento Ordinario nº 40/2016.

Visto que polo Xulgado citado se dá conta ao Concello por oficio de data 14/04/2016 (con rexistro de entrada nº 4696 do 19/04/2016) da dilixencia de ordenación da mesma data pola que acorda declarar a firmeza do Decreto de data 31/03/2016 (do que tamén se dá conta) no que se dispuxo ter por desistido ao recorrente FCC AQUALIA SA Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA, declarando a terminación do procedemento.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da dilixencia de ordenación de data 14/04/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra pola que se declara a firmeza do Decreto de data 31/03/2016, que acorda ter por desistido a parte recorrente FCC AQUALIA SA Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS SA, e declara a terminación do Procedemento Ordinario nº 40/2016.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a dación de conta da dilixencia de ordenación de data 14/04/2016 e do decreto de data 31/03/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 40/2016.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

5.B) DACIÓN DE CONTA DE RECURSO DE APELACIÓN Nº 4472/15-SENTENZA Nº 3/2016 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos seguintes datos:

PO 558/2014 LO - RECURSO APELACIÓN 4472/15 - SENTENZA 3/2016 DITADA POLO T. S.X. GALICIA CON/AD SEC. 2.

- A persoa recorrente: V.V.M

- Contido: desestímase o recurso de apelación interposto por D. V.V.M contra a sentenza dictada con data 24-7-2015 no Procedemento Ordinario nº 558/2014 do
Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra.

- Non cabe interpor recurso contra a presente sentenza. Sentenza firme.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

6º.- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA S/SUBVENCIÓN PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI

Dase conta de proposta do día 21.04.2016 do concelleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente a solicitude de subvención para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, COFINANCIADAS POLO FEDER

Vista a Orde do 11 de marzo de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a



Concello de Cangas

concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Vistas as necesidades do Auditorio Municipal, cumprindo os requisitos que se establecen na orde citada, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda de catro mil cento trinta euros con tres céntimos (4.130,03 €) para a adquisición de mesa de son e 12 focos escénicos para o Auditorio Municipal de Cangas, cun orzamento total de cinco mil cincocentos seis euros con setenta e un céntimos (5,506,71 €), segundo o seguinte financiamento:

ORZAMENTO TOTAL	SOLICITUDE CONSELLERÍA CULTURA (75%)	APORTACIÓN MUNICIPAL (25%)
ADQUISICIÓN DE MESA DE SON E 12 FOCOS ESCÉNICOS 5.506,71 €	4.130,03 €	1.376,68 €

Terceiro.- Adquirir o compromiso por parte do Concello de Cangas de achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda.

Cuarto.- Declarar que para esta adquisición non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente a solicitude de subvención para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.

7º.- APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA PARA COLECCIÓNS BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS-2015/2016

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 21.04.2016, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para coleccións bibliográficas das bibliotecas 2015/2016, que é como segue:

"PROPOSTA



Concello de Cangas

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA PARA COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS 2015-2016

Con relación na solicitude formulada polo Concello de Cangas ao abeiro da Orde do 22/06/2015 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de maio de 2015 ata o 1 de abril de 2016 e a Resolución de data do 22 de xuño de 2015, de concesión de axuda polo importe de dous mil setecentos setenta e tres euros con noventa céntimos (2.773,90 €).

Visto a documentación que consta no expediente e aos datos da Intervención Municipal, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da adquisición de fondos bibliográficos para mellora das coleccións dos centros bibliotecarios de Cangas polo importe de dous mil setecentos setenta e tres euros con noventa céntimos (2.773,90 €), de conformidade co seguinte:

Nº DE FACTURA	PROVEEDOR CIF	CONCEPTO	IMPORTE €	DATA DE APROBACIÓN POR RESOLUCIÓN ALCALDÍA	DATA DE PAGAMENTO
A/1342	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Aldán	251,05	09/03/2016	16/03/2016
A/1073	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Aldán	303,14	15/12/2015	28/12/2015
A/1336	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Cangas	253,00	09/03/2016	16/03/2016
A/1274	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Cangas	303,20	15/12/2015	28/12/2015
A/1270	Librería Maraxe	Libros biblioteca	301,40	15/12/2015	28/12/2015



Concello de Cangas

	76833091G	Darbo			
A/1343	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Darbo	250,53	09/03/2016	16/03/2016
A/1272	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Coiro	302,13	15/12/2015	28/12/2015
A/1344	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Coiro	249,90	09/03/2016	16/03/2016
A/1345	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Hío	247,69	09/03/2016	16/03/2016
A/1271	Librería Maraxe 76833091G	Libros biblioteca Hío	302,72	15/12/2015	28/12/2015

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se expresan na táboa anterior.

Terceiro.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade co informe e da documentación presentada polos responsables das bibliotecas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida para coleccións bibliográficas das bibliotecas 2015/2016.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:



Concello de Cangas

A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, COFINANCIADAS POLO FEDER

Dase conta de proposta do 21.04.2016 do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo FEDER, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, COFINANCIADAS POLO FEDER

Vista a Orde do 11 de marzo de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Vistas as necesidades do Auditorio Municipal, cumprindo os requisitos que se establecen na orde citada, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- *Solicitar unha axuda de catro mil cento trinta euros con tres céntimos (4.130,03 €) para a ADQUISICIÓN DE MESA DE SON E 12 FOCOS ESCÉNICOS PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, cun orzamento total de cinco mil cincocentos seis euros con setenta e un céntimos (5.506,71 €), segundo o seguinte financiamento:*

ORZAMENTO TOTAL	SOLICITUDE CONSELLERÍA CULTURA (70%)	APORTACION MUNICIPAL 25%
<i>ADQUISICIÓN DE MESA DE SON E 12 FOCOS ESCÉNICOS (5.506,71 €)</i>	4.130, 03 €	1.376,68 €



Concello de Cangas

Terceiro.- *Adquirir o compromiso por parte do Concello de Cangas de achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda.*

Cuarto.- *Declarar que para esta adquisición non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.

B) APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE “NINGURES PRODUCCIÓN, SL” E O CONCELLO DE CANGAS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUNHA ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS (Exercicio 2016)

Dase conta de convenio de colaboración entre a entidade “NINGURES PRODUCCIÓN, SL” e o Concello de Cangas para a organización e desenvolvemento dunha escola de artes escénicas en Cangas, que é como segu:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE ‘NINGURES PRODUCCIÓN, SL’ E O CONCELLO DE CANGAS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUNHA ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS (Exercicio 2016)

REUNIDOS

Por unha banda, D. Xosé Manuel Pazos Varela, Alcalde - Presidente do Concello de Cangas.

Por outra banda, D. S. d. R. P., con D.N.I. 36.071.421 S, administrador de Ningures Producción SL, con CI F: B 36302784 e domicilio en rúa avenida de Moaña, nº 25-36940-Cangas.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecéndose reciprocamente, capacidade e abrogándose nos termos deste documento.



Concello de Cangas

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello, de conformidade co art. 25.2 m) da Lei 7/85, de 2 de abril, ostenta entre as súas competencias a promoción da cultura, debendo prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións culturais da cidadanía.

SEGUNDO.- Que Ningures Producción SL, é unha entidade que organiza e xestiona diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia, centrando a súa actividade nas artes escénicas.

TERCEIRO.- Que Ningures Producción SL, desenvolve unha Escola das Artes Escénicas en Cangas.

CUARTO.- Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

b) Aquelas cuxo otorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

QUINTO.- Que segundo o artigo 26.1 da Lei de Subvencións de Galicia, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta.

SEXTO.- Que ambas as partes manifestan un mutuo interese por:

1.- A cooperación entre ámbalas dúas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades teatrais entre os cidadáns do Concello de Cangas.

2.- Desenvolver unha Escola das Artes Escénicas en Cangas durante o exercicio 2016.



Concello de Cangas

Que en consecuencia, estando ámbalas dúas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan para os efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Ningures Producción SL, coorganizará co Concello de Cangas unha ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS EN CANGAS.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:

- Aportar a cantidade de catro mil euros (4.000,00 €) a Ningures Producción SL, para o desenvolvemento da Escola das Artes Escénicas en Cangas durante o exercicio 2016, con cargo á partida 334.48 do orzamento municipal para o exercizo 2016 e de conformidade coa subvención nominativa prevista na base número 21 "Gastos de subvención" das bases de execución do presuposto municipal en vigor.

- Aboar en concepto de pago anticipado, de acordo co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, un total de tres mil douscentos euros (3.200,00 €). Non se esixirá garantía.

TERCEIRA.- Ningures Producción SL, desenvolve unha Escola das Artes Escénicas en Cangas no Auditorio Municipal de Cangas.

Ordena a formación en tres cursos ou niveis:

1.- CURSO DE INTERPRETACIÓN

(Corpo emoción e voz)

Horario: martes de 19:00 a 21:00horas

Curso completo:

2 horas semanais

1 día á semana

32 semanas lectivas

• 64 horas de formación

• 8 mensualidades

2.- CURSO DE TEATRO PARA XOVES

(idades comprendidas entre os 13 e os 17 anos)



Concello de Cangas

Horario: mércores de 19:00 a 21:00 horas

Curso completo:

- 2 horas semanais*
- 1 día á semana*
- 32 semanas lectivas*
- 64 horas de formación*
- 8 mensualidades*

3.- CURSO DE POSTA EN ESCENA DUNHA MONTAXE TEATRAL

Horario: xoves de 19:00 a 21:00 horas e sábado de 11:00 a 13:00 horas

Curso completo:

- 4 horas semanais*
- 2 día á semana*
- 32 semanas lectivas*
- 128 horas de formación*
- 8 mensualidades*
- Mostra do espectáculo na primeira semana de xullo de 2016*

CUARTA.- Ningures Producción SL, comprométese a:

- Executar no desenvolvemento da Escola das Altes Escénicas en Cangas durante o exercicio 2016 o orzamento elaborado que se adxunta a este convenio.

- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo ás clases impartidas.

- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.

- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Concello, nos exemplares de programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do desenvolvemento da escola.

QUINTA.- Ningures Producción S. L. comprométese así mesmo, a presentar no Concello de Cangas, no prazo de 90 días posteriores a finalización do evento (30 de xuño de 2016), os documentos acreditativos da xustificación da



Concello de Cangas

subvención, que incluírán memoria detallada do programa da actividade desenrolada, presuposto de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Establécese a obrigaón por parte da Ningures Producción SL, de reintegralos fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigaóns establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a... de... de 2016.

Polo Concello de Cangas

Ningures Producción S. L.

ALCALDE

Xosé Manuel Pazos Varela

Representante legal

S. del R. P".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a entidade "NINGURES PRODUCCIÓN, SL" e o Concello de Cangas para a organización e desenvolvemento dunha escola de artes escénicas en Cangas.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura do convenio de referencia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Cultura e Intervención.

C) SINALIZACIÓNS VARIAS

C.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
M.N.G	Rúa Baiona, nº 18-1º-Cangas. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 105, concedido en XGL do día 29.02.2016 á interesada. Condiciónase a presente autorización ás condicións impostas no acordo da XGL referenciado. Unha vez realizadas as comprobacións indicadas pola interesada se devolverá o sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

CONDICIÓN S impostas pola XGL do día 29.02.2016:

"PRIMEIRO.- Que por parte do departamento de Xestión de Ingresos, se proceda a realizar a comprobación da autorización do sinal de pasaxe permanente no lugar de rúa Baiona, nº 18-Cangas.

SEGUNDO.- Unha vez comprobado que está correctamente, se procederá pola interesada á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo".

C.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DE CARGA E DESCARGA NA AVDA. MÉNDEZ NÚÑEZ

Dase conta de informe emitido pola Policía Local o día 25 de abril de 2016, referente a sinalización de carga e descarga na Avda. de Méndez Núñez, que di o seguinte:

"Nº REX: 694/16

ASUNTO: PROPOSTA DE SINALIZACIÓN CARGA E DESCARGA EN MÉNDEZ NÚÑEZ



Concello de Cangas

O departamento de sinalización da Policía Local por medio do presente informa:

Feito un estudo na rúa Méndez Núñez propoñemos un sinal carga e descarga no principio da rúa para darlle servizo aos comercios da zona.

Achégase informe fotográfico”.

Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito da pola Policía Local, referente a sinalización de carga e descarga na Avda. de Méndez Núñez.

C.3) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DE ESTACIONAMENTO EN RÚA GARELLY

Dase conta de informe emitido pola Policía Local o día 17 de abril de 2016, referente a sinalización de estacionamento en rúa Garelly, que é como segue:

"Nº REX: 654/16

ASUNTO: estacionamento na rúa Garelly

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052011 e 052019, por medio do presente, informan:

Que ultimamente, observamos que estaciona algún vehículo na rúa Garelly, podendo observar tamén que as xardineiras, están apartadas, o que permite baixar aos vehículos por esta rúa.

Aínda que se pode entender que e unha rúa peonil, atendendo ao seu pavimento, é tamén certo que a Praza do Progreso ou a rúa Fomento, que están ao lado, tendo o mesmo pavimento, estacionan vehículos, polo que ao parecer dos axentes, sería conveniente, sinalizar tanto a rúa Garelly como a rúa Pablo Iglesias, para que os vehículos alomenos, non estacionen nestas rúas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, referente a sinalización de estacionamento en rúa Garelly.

C.4) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN CRUCE DO FREIXO (EN ALDEA DE ARRIBA)



Concello de Cangas

Dase conta de informe emitido o día 25.04.2016 pola Policía Local, no que se indica a necesidade de sinalizar o cruce de Freixo en Aldea de Arriba, pola perigosidade da zona, e que di o seguinte:

"Nº REX: 692/16

ASUNTO: SINALIZACIÓN CRUCE DO FREIXO (EN ALDEA DE ARRIBA)

O departamento de sinalización da Policía Local por medio do presente informa:

Dna. T.R.F e outros, con enderezo no lugar do Freixo-Coiro, DNI nº 32643792F e TLF 617636061, presentan instancia advertíndonos do perigo do mencionado cruce.

Que feito unha inspección ocular do lugar comprobamos como efectivamente o cruce carece da sinalización correspondente.

Que desde este departamento suxerimos a colocación dun sinal vertical de perigo vía de dobre sentido de circulación, así como tamén sinalización horizontal de stop e delimitación dos carrís.

Achégase informe fotográfico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, referente a sinalización do cruce de Freixo en Aldea de Arriba, pola perigosidade da zona.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente